CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6 Lectura (2)	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados	PE	100
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Compartir a experiencia lectora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego,	PE	100
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo do emisor		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8: Traballo lectura	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado	TI	100
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Compartir a experiencia lectora		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-prios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Exposicións clarificadoras sobre os contidos da unidade, comprometidas, en todo caso, coas condicións que, segundo Ausubel, favorecen a comprensión do alumnado: 1) partir sempre do que alumnos e alumnas xa saben; 2) axustarse á organización da disciplina, tratando de que o alumnado comprenda as relacións, a ordenación e a xerarquía dos conceptos e proposicións desde un punto de vista disciplinar.

- Actividade construtiva do alumnado a partir das tarefas programadas. Trátase de propoñer ao alumnado actividades que lles resulten significativas e a través das que o profesorado poida verificar a comprensión alcanzada. Non obstante, como xa se dixo, é necesario o compromiso do alumnado, no sentido de implicarse activamente no traballo programado.

- En moitas das situacións de aula debe estimularse unha interactividade dialóxica entre profesorado e alumnado a propósito dos contidos da materia e con respecto ás actividades programadas. A través do diálogo, o alumnado ten a oportunidade de verbalizar e de clarificar o seu pensamento, de enfrontar os conflitos cognitivos, de participar en actividades comunicativas, e o profesorado de valorar as aprendizaxes do alumnado, resolvendo as dificultades de comprensión que se observen na aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Libro de texto para 2º de bacharelato da editorial Rodeira: Lingua e Literatura (ed. 2023).
- Libros de apoio para a preparación da Unidade Didáctica.
- Dicionarios de diferentes tipos: Dicionario da lingua galega. Dicionario de sinónimos e antónimos. Dicionario de galego-castelán/castelán-galego.
- Dicionario online da RAG e DIGALEGO.
- Recursos da Internet, incluída a Aula Virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O curso iníciase cunha avaliación inicial consistente nunha proba escrita. Con esta pídese ao alumnado que elabore un texto sobre un tema proposto (invención dunha historia na que figuren unha serie de palabras dadas, comentario sobre un tema de actualidade, explicación sobre como se ve cadaquén dentro de vinte anos...). Con esta proba valoraríase a acentuación, puntuación, léxico, presentación, coherencia e cohesión do escrito, así como a madurez do pensamento expresado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	26	4	4	25	4	4	29	4	100
Proba escrita	100	0	100	100	0	100	100	0	88
Táboa de indicadores	0	100	0	0	100	0	0	100	12

Criterios de cualificación:

No proceso de cualificación terase en conta o coñecemento comprensivo que o alumnado demostre dos contidos, o traballo na casa e na aula, a lectura comprensiva de textos que lle permita identificar temas e ideas principais, a construción sintáctica adecuada propia dun nivel culto do idioma, a coherencia e cohesión dos textos producidos, a correcta puntuación e presentación destes e mais a utilización pertinente dun vocabulario exento de coloquialismos.

A continuación, indícase como se realizará a cualificación de cada trimestre:

1ª avaliación:

- proba escrita da lectura do libro Retrincos, de Castelao: 10%
- traballo de investigación que inclúe un esquema previo: 10%
- proba escrita da Unidade 1: 80%

2ª avaliación:

- proba escrita da lectura do libro A esmorga, de Blanco Amor. 10%
- proba oral dun traballo sobre a literatura durante o Franquismo: 10%
- proba escrita da Unidade 4: 80%

3ª avaliación

- traballo da lectura do libro Matarte lentamente, de Diego Ameixeiras: 10%
- proba escrita da Unidade 7: 90%

Ademais, os erros de ortografía, as desviacións da norma e as interferencias lingüísticas serán penalizadas do xeito seguinte, ata unha perda de 2 puntos en cada un dos exames de avaliación:

- Perda de 0'05 puntos por cada uso incorrecto dos tiles e emprego de dialectalismos.
- Perda de 0'1 puntos por erros de ortografía e incorrecto uso do til diacrítico.
- Perda de 0'2 puntos por empregar unha forma allea ao sistema lingüístico galego (castellanismos, hipergaleguismos, palabras inexistentes...).

Tamén se terá en conta a presentación axeitada dos textos no exame: a incorrecta disposición das liñas, as marxes erradas ou os borranchos poderán supor até unha perda de 0'5 puntos.

En cada exame figurará a valoración que se outorga a cada pregunta. O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas terá a posibilidade de facelo noutra data, sempre que a ausencia estea debidamente xustificada. Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, outorgaríase unha cualificación de cero na pregunta copiada.

A nota final calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Ademais existirá a posibilidade de aumentar esta nota media até 0'5 puntos pola lectura voluntaria dunha obra literaria que determinará previamente o profesor da materia, para o que se realizará un exame escrito.

Crterios de recuperación:

Se a media aritmética das tres avaliacións non supera o 4'5, o alumnado terá a posibilidade de recuperar cada unha das probas das avaliacións suspensas antes do remate do curso, tanto as orais coma as escritas, coa mesma ponderación para a avaliación suspensa cás realizadas no seu momento. A cualificación destas recuperacións será a empregada para o cálculo da nota media sempre que sexa superior á nota inicial.

6. Medidas de atención á diversidade

Existen tres alumnos con TDAH, aos que se lle fará unha adaptación das probas que deban realizar cos grupos respectivos outorgándolles máis tempo para a realización dos exames e redactando os enunciados das preguntas dun xeito claro e preciso, seguindo as pautas establecidas no protocolo correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)		X			X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - O emprendemento		X			X			X
ET.4 - A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito	X			X			X	
ET.5 - A igualdade efectiva entre mulleres e homes	X			X			X	
ET.6 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc.		X			X			X
ET.7 - A saúde e a calidade de vida	X			X			X	
ET.8 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X			X			X	
ET.9 - A educación viaria	X			X			X	
ET.10 - A educación ambiental e o respecto polo medio natural	X			X			X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla-coloquio de Diego Ameixeiras	O novelista presentará a novela de lectura obrigada "Matarte lentamente"			X

Observacións:

Realizarase ao inicio da avaliación para dar tempo ao alumnado para a lectura da novela

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.

Conseguíuse seguir a temporalización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados.
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías.
Os recursos didácticos cos que contou o profesorado foron adecuados e suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as...
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
Conseguíuse un ambiente propicio para a aprendizaxe, sen condutas disruptivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.
Traballouse en coordinación co resto do equipo docente.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado numericamente e os seus resultados reflectiránse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes nas actas do departamento. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico resumíranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

9. Outros apartados